



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PROMOCION ECONOMICA, TURISMO E EMPREGO

Expte: 2016000009246

Rel: PEL-EPR/2016

RESOLUCION POLA QUE SE APROBA A CONCESION DO I PREMIO PROVINCIAL A MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Mediante resolución de presidencia número 2016/25703 aprobáronse as bases reguladoras do I Premio provincial á mellor iniciativa empresarial, que foron publicadas no BOP número 211 de 8 de novembro de 2016.

De acordo co establecido na base 6, por resolución de presidencia número 2017/7286 designáronse os membros da Comisión de expertos, que realizou a valoración das candidaturas presentadas de acordo cos criterios establecidos na base 7, tal e como se reflicte na acta do día 6 de abril de 2017.

Vistos os antecedentes sinalados e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

1º.- Conceder o I Premio provincial á mellor iniciativa empresarial xoven, correspondente á primeira categoría, á entidade E- MONTES SOLUCIONES FORESTAIS, NIF B70454624, por importe de 25.000€.

2º.- Conceder o I Premio provincial á mellor iniciativa empresarial madura, correspondente á segunda categoría, á entidade ENCAPSULANTES DE VALOR AÑADIDO, S.A., NIF A84787506, por importe de 25.000€.

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.